

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 12 DE AGOSTO DE 2021

Ás 10:35 horas do día 12 de agosto de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 9 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Lucio Varela Borreguero, suplente da técnica de Administración Xeral de Contratación
D^a. María Dolores Sotelo Gallego, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 1, 5a, 6d, 7 e 11b)
D^a. María Luz González Domínguez, xefa do Departamento de Alcaldía (asiste aos puntos 9a e 10a)
D^a. María Jesús Magdalena Vila, directora de Ingresos (asiste ao punto 2b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara-Beade" (704-441)

Pregúntase aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación infórmase que o 16 de xullo de 2021 a concelleira delegada de contratación adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que a documentación presentada xustifique os mesmos conforme o informe de 12 de xullo de 2021 da Enxeñeira de Camiños Canais e Portos municipal e do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.



Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara-Beade" (704-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	90,46
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A (COVSA)	85,78
3	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.	83,88
4	AVAN INTEGRAL S.L.	82,49
5	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	81,87
6	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	68,18

Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado no primeiro lugar o 19 de xullo de 2021, SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., que presenta a documentación requirida o 28 de xullo.

Logo da presentación da referida documentación detectouse un erro na oferta presentada por este licitador ao non coincidir os prezos con e sen IVE. A oferta presentada é a seguinte:

"3.- Propón como prezo sen IVE do contrato o de 100.414,51 euros, sendo a cota correspondente o IVE a de 6.772,23 euros o que supón un prezo total do contrato de 134.315,82 euros".

Segundo a doutrina dos tribunais de recursos contractuais (entre outras, Resolución nº 352/2017 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid) "A valoración do prezo como criterio de adxudicación dun contrato suxeito á Lei de contratos del sector público debe facerse sen tomar en consideración o imposto sobre o valor engadido que recae sobre el".

En consecuencia, o prezo a ter en conta na oferta de SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. é 100.414,51 euros (sen IVE) e 121.501,56 euros (co 21% de IVE), en lugar de 134.315,82 euros (IVE incluído) como se plasmou na acta da Mesa de Contratación da sesión do 21 de xuño de 2021 na que se trasladou o prezo con IVE erróneo sinalado polo licitador na súa proposición,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:19	Páxina 2 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A242-5EDH48-EDA5DC-WTF2AD-85UFEM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



arrastrándose este erro na oferta ata os informes de cálculo de valores anormais como de valoración do sobre C de datas 12 de xuño e 12 de xullo de 2021, respectivamente, que valoraron a oferta sobre un importe erróneo (111.004,81 euros) que se obtivo deducindo ao prezo con IVE indicado polo licitador na súa oferta o tipo impositivo do IVE aplicable a este contrato.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, proceder ao exame para a corrección do erro indicado nas actuacións posteriores á apertura económica.

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos autónomos de respiración e dúas hidrolavadoras para os parques do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.408-213)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L.
2. PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de notificación de actos de xestión tributaria (2.768-500)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Outorgar un prazo de tres días a CORREO INTELIGENTE POSTAL, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), concretamente deberá presentar debidamente cumprimentado o Anexo II ao PCAP esixido na cláusula 14.2 do PCAP.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación, por finalización da vida útil, dos equipos xeradores de calor de AQS das salas térmicas das instalacións deportivas municipais e adaptación dos elementos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:19	Páxina 3 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A242-5EDH48-EDA5DC-WTF2AD-85UFEM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

necesarios na piscina de Teis e no pavillón central das Travesas, incluído neste último o mantemento durante o período de garantía (3.892-611)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 - 1. COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS, S.A.
 - 2. JOCAR VIGO INSTALACIONES, S.L.U.

- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
 - 1. BELENUS NATUR, S.L.: non cumprimenta o previsto no Anexo II ao PCAP sobre o compromiso dos medios a adscribir ao contrato, polo que deberá presentar un novo Anexo II debidamente cumprimentado.
 - 2. COSTAS Y OTERO, S.L.: non cumprimenta o previsto no Anexo II ao PCAP sobre o compromiso dos medios a adscribir ao contrato, polo que deberá presentar un novo Anexo II debidamente cumprimentado.
 - 3. INSTALACIONES NATURGAS, S.L.: a solvencia técnica declarada no DEUC resulta insuficiente segundo as esixencias da cláusula 8.3 do PCAP, polo que deberán presentar un novo DEUC. Para os efectos de facilitarlle a emenda infórmase que poderá contestar afirmativamente á seguinte pregunta recollida na parte IV "Criterios de selección": "Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: *Cumple todos los criterios de selección requeridos*".

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo mantemento de licencias "Zimbra Collaboration Network Edition" e o soporte do sistema de correo electrónico corporativo Zimbra (9.550-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:19	Páxina 4 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A242-5EDH48-EDA5DC-WTF2AD-85UFEM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

3- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo mantemento de licencias "Zimbra Collaboration Network Edition" e o soporte do sistema de correo electrónico corporativo Zimbra (9.550-113)

Procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas e renovación dos servizos da rúa Severino Cobas dende a rúa Bouciña ata a avda. Ramón Nieto" (862-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento, o técnico medio en Topografía, a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 4, 5 e 9 de agosto de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos autónomos de respiración e dúas hidrolavadoras para os parques do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.408-213)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo (sen IVE)
1	INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, SL. (lote2)	32.295,00
2	PEYCAR PONTEVEDRA,S.L. (lote1)	160.500,00



Asiste á apertura D. Juan Eduardo Andrés Alcoba con DNI ****.*28.46***, en representación de Industrial Global Supply, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de notificación de actos de xestión tributaria (2.768-500)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo de 3 días ao único licitador presentado para que poida emendar o sobre A.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación, por finalización da vida útil, dos equipos xeradores de calor de AQS das salas térmicas das instalacións deportivas municipais e adaptación dos elementos necesarios na piscina de Teis e no pavillón central das Travesas, incluído neste último o mantemento durante o período de garantía (3.892-611)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo de 3 días a tres dos licitadores presentados para que poidan emendar o sobre A.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas e renovación dos servizos da rúa Severino Cobas dende a rúa Bouciña ata a avda. Ramón Nieto" (862-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	299.920,00 €
2	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	289.658,21 €
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	333.524,88 €
4	NAROM, S.L.	324.220,93 €
5	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	283.007,33 €
6	ORECO, S.A.U.	320.259,49 €
7	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	283.988,61 €
8	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	285.296,97 €

Asiste á apertura D^a. Begoña Rivas Baltar con DNI ****.*13.54***, en representación de FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:19	Páxina 6 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A242-5EDH48-EDA5DC-WTF2AD-85UFEM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Valladolid" (880-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos do 5 e 6 de agosto de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola Alcaldía do Concello de Vigo (18.386-101)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Departamento de Alcaldía o 9 de agosto de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliada mediante fórmula" coa proposta de clasificación, así como o informe que rectifica o anterior de data 10 de agosto. A Mesa acepta, por unanimidade, o informe do 10 de agosto.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola Alcaldía do Concello de Vigo (18.386-101)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 22 de xullo de 2021, polo que non se admite a SONIDO COLLAZO, S.L. neste procedemento por non presentar a documentación requirida durante o prazo conferido ao efecto para a emenda da documentación acreditativa dos requisitos previos.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:19	Páxina 7 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A242-5EDH48-EDA5DC-WTF2AD-85UFEM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

producción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola Alcaldía do Concello de Vigo (18.386-101) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	SACAFERRO, S.L.	91,02
2	FLUGE GALICIA, S.L.	50,62

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de maio de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:19	Páxina 8 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A242-5EDH48-EDA5DC-WTF2AD-85UFEM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



"1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado para o suministro de gasoleo C calefacción para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 18 de marzo de 2021.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 22 de abril de 2021.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 24.352,20 euros, do que 4.226,42€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13602210300 " Combustible gasoleo" do presuposto municipal vixente.

Ano 2021: 6.088,05€
Ano 2022: 12.176,10€
Ano 2023: 6.088,05€

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".

Segundo.- Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación con data do 27 de maio de 2021 procedeu á apertura do sobre que contén a documentación persoal e a proposición avaliable mediante fórmula e acordou, á vista da documentación presentada, "conceder un prazo de tres días aos tres licitadores presentados para que poidan emendar a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

- *CODISOIL, S.A.: deberá presentar un novo DEUC porque o presentado está incompleto (só constan as páxinas impares) e non se pode comprobar se concorre con solvencia de terceiros (parte II), se cumpre ou non todos os motivos de exclusión (parte III) así como os criterios de selección (parte IV). Así mesmo, deberá presentar o Anexo II esixido na cláusula 14.2A e apartado 6B do Anexo I -FEC-.*
- *ESERGUI DISTESER, S.L.: deberá presentar un novo DEUC porque no presentado non consta que posúa a habilitación profesional esixida no PCAP. Para os efectos de facilitarlle a cumprimentación deste documento indícase que pode declarar esta circunstancia respondendo afirmativamente á pregunta da parte IV "Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos".*
- *GASÓLEOS AMIGO, S.L.: deberá presentar o Anexo II esixido na cláusula 14.2A e apartado 6B do Anexo I -FEC-".*

Rematado o prazo concedido para a emenda da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos, ningún dos licitadores presentou documentación, polo que a Mesa acordou, por unanimidade, "non admitir neste procedemento a CODISOIL, S.A., ESERGUI DISTESER, S.L. e GASÓLEOS AMIGO, S.L. por non ter emendado a documentación persoal dentro do prazo concedido para o efecto".



En base ao anterior, a Xunta de Goberno local, na sesión do 10 de xuño de 2021, acordou:

"Declarar deserto o procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213) porque a Mesa de Contratación acordou non admitir a ningún dos licitadores presentados por non ter emendado a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos dentro do prazo concedido para o efecto".

Terceiro.- A proposta da Mesa de Contratación de data 21 de xuño de 2021, a Xunta de Goberno local, na sesión do 24 de xuño de 2021, acordou:

"Retrotraer o procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213) ao momento da cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos ao terse informado polo Servizo de Administración Electrónica que os tres licitadores presentados a esta licitación presentaron documentación dentro do prazo concedido pero por motivos de actualización e implantación de novos procesos da Sede Electrónica do Concello de Vigo, aconteceu un erro que consistiu en que as solicitudes Web rexistradas non foron transferidas ao sistema de Xestión de Expedientes Municipais nas datas indicadas".

Cuarto.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 22 de xullo de 2021, adoptou o seguinte acordo:

"a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

- *ESERGUI DISTESER, S.L.*
- *GASÓLEOS AMIGO, S.L.*

b) Inadmitir a CODISOIL, S.A., por non presentar a documentación requirida durante o prazo conferido ao efecto".

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 30 de xullo de 2021, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213) na seguinte orde descendente:

- 1. Gasoleos Amigo S.L.*
- 2. Esergui Disteser S.L.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:19	Páxina 10 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A242-5EDH48-EDA5DC-WTF2AD-85UFEM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Gasoleos Amigo S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GASÓLEOS AMIGO, S.L., o día 30 de xullo de 2021, que presenta a documentación requirida o 6, 9 e 10 de agosto, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 12 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GASÓLEOS AMIGO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GASÓLEOS AMIGO, S.L., de conformidade co informe asinado polo xefe do Servizo de Bombeiros o 26 de xullo de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula”.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:19	Páxina 11 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A242-5EDH48-EDA5DC-WTF2AD-85UFEM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a GASÓLEOS AMIGO, S.L. (B-36.736.049) o procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213) por un prezo total de 24.352,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.226,42 euros e un desconto sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR) de 0,56%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa das Fontáns" (707-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa das Fontáns" (707-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA DAS FONTÁNS", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E OITO MIL CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS (58.056,47 €) e data xullo de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:19	Páxina 12 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A242-5EDH48-EDA5DC-WTF2AD-85UFEM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 05 de abril de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CINCUENTA E OITO MIL CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS (58.056,47 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 10.075,92 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.74 ("Human. Rúa das Fontáns").

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 23 de xullo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non presentar documentación durante o prazo conferido ao efecto consonte o previsto no artigo 149 da LCSP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa das Fontáns" (707-441) na seguinte orde descendente:

Empresas licitadoras	PUNTUACIÓN TOTAL
1. MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	91,72
2. NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	76,57

Terceiro.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., o día 26 de xullo de 2021, que presenta a documentación requirida o 6 de agosto de 2021, dentro do prazo concedido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:19	Páxina 13 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A242-5EDH48-EDA5DC-WTF2AD-85UFEM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 23 de xuño e 19 de xullo de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 23 de xullo de 2021, de SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non presentar documentación durante o prazo conferido ao efecto consonte o previsto no artigo 149 da LCSP.*
2. *Adxudicar a MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. (B-36.130.649) o procedemento*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:19	Páxina 14 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A242-5EDH48-EDA5DC-WTF2AD-85UFEM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa das Fontás" (707-441) por un prezo total de 49.022,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.508,10 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:19	Páxina 15 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A242-5EDH48-EDA5DC-WTF2AD-85UFEM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		